

Manifesto ante a presenza militar nas actividades dos centros escolares

No inicio de curso corresponde a aprobación do Plan Xeral Anual de cada centro, que é o documento máis importante do curso; neste Plan configúrase a actuación dos Departamentos e do centro no seu conxunto, aprobándose as actividades complementarias e extraescolares. No marco destas actividades veñen dándose iniciativas que ás veces contradín o Proxecto Educativo do Centro e/ou as finalidades educativas sinaladas na lexislación marco; queremos salientar nesta ocasión a programación de actividades coa presenza de profesionais militares/forzas armadas nos centros que poden conter mensaxes militaristas e antipacifistas.

O marco lexislativo galego vixente presenta, tanto na formulación dos elementos curriculares de carácter prescritivo como nas declaracións de fins e obxectivos xerais do sistema, a necesidade de alicerzar o proceso educativo na “formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos” (LOE-LOMCE, Art. 2.1). Para atinxir este obxectivo, o marco normativo incorpora entre os seus principios “a educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no de acoso escolar” (LOE-LOMCE, Art. 1).

Para alén destas consideracións, que se desenvolven en boa medida na Estratexia Galega de Convivencia Educativa 2015-2020, posúe un carácter transversal o tratamento de “valores que sustenten a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos” (D. 330/2009, Art. 3; D. 105/2014, Art. 11.3; D. 86/2015, Art. 4.2), garantindo o desenvolvemento de “medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz” (D. 8/2015, Art. 15.5).

As institucións educativas configuran un espazo referencial na construción de valores ligados á paz e á convivencia, sendo este último un dos catro elementos cruciais do Informe á Unesco da Comisión internacional sobre educación para o século XXI (Delors, 1996). Este relatorio, xunto á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, constitúen un espazo simbólico e normativo para a defensa dos valores cívicos e democráticos propios dunha cultura educativa de paz, na que “aprender a convivir é unha necesidade inaprazábel [...], ademais dun requirimento formal das nosas leis” (Jares, 2002).

Partindo destes preceptos normativos e éticos, as asociacións, sindicatos e organizacións abaixo asinantes queremos transmitir ao conxunto da comunidade educativa galega o seguinte:

1. A presenza de corpos militares e civís armados (exército, garda civil e policía española) estase a incrementar nos últimos anos nos centros educativos, estando a súa presenza habitualmente ligada á aplicación do Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas. Este relatorio promove a realización de palestras e actividades nos centros escolares por parte das forzas armadas, estando vencelladas aos seguintes ámbitos: acoso escolar; drogas e alcohol; bandas violentas, racismo e intolerancia; violencia sobre a muller e discriminación; Internet e redes sociais; así como exhibicións de unidades policiais; visitas a centros policiais, concursos ou exposición de efectos policiais: armas, bólas de goma, escudos, medios de transporte etc.
2. Entre esta diversa gama de posibles intervencións temos apreciado con algunha frecuencia a exaltación do valor do militarismo como mecanismo de resolución de conflitos (presenza e importancia das armas para reducir/eliminar un conflito), en contradición coa cultura de paz, o que non debe ter acollida nos nosos centros, ao ser contrario ao fomento de valores relacionados coa resolución pacífica de conflitos, o diálogo e a cultura da paz.
3. Debe extremarse o coidado nas intervencións de axentes alleos ao sistema educativo coa finalidade de que non transmitan de xeito explícito ou subliminar valores militaristas, prácticas que favorezan a lexitimación da violencia, nin tampouco unha imaxe política española contraria ao recoñecemento e respecto das nacionalidades e da diversidade cultural e lingüística que configuran hoxe o Estado español.
4. Deberase procurar que os educadores e axentes que poidan intervir nestes ámbitos dispoñan da adecuada cualificación para este mester: docentes, educadoras/es sociais, pedagogas/os e psicólogas/os ou técnicos colaboradores, evitando a intrusión profesional e a usurpación de funcións.
5. Entendemos tamén que ningunha arma ou instrumento bélico (tanques, navíos, drones bélicos, vehículos, material antidisturbios etc.) debe ter cabida nun espazo ou actividade educativa (nin como exposición nin para a súa manipulación), porque a súa presenza contribúe á normalización da violencia, e colide cos principios e valores fundamentais asociados á promoción da convivencia e da cultura democrática.
6. Este obxectivo de promover na escola un militarismo contraditorio cos valores que citamos anteriormente non é unha sospeita esaxerada. Non hai máis que recordar como o anterior Goberno do PP planificou introducir no ano 2018 unha materia relacionada coas Forzas Armadas e os valores militares -que se vinculaban cos valores

“patrióticos” e de defensa da “paz”-, deseñada conxuntamente polos Ministerios de Educación e de Defensa, para impartir nada menos que en 1º e 2º cursos de Primaria.

7. Solicitamos aos órganos de representación e de goberno dos centros educativos que, en base aos argumentos enunciados e aqueles outros que quixeren acrecentar, supediten a participación de persoal alleo ao centro nos espazos educativos á planificación do centro con respecto aos principios anteriores, priorizando no posible a intervención de especialistas cualificados para o desenvolvemento de actividades educativas tan sensíbeis para o desenvolvemento integral da infancia galega como aquelas ligadas aos ámbitos da saúde, a convivencia, a igualdade de xénero, a prevención da violencia de xénero, a prevención da drogodependencia, os hábitos saudábeis, o racismo, a ética dixital ou, entre outras, a cultura de paz.

8. É totalmente desexable que o uso da lingua galega forme parte da idoneidade dos axentes externos que participen en procesos de formación, na liña de normalizar a nosa lingua, que de ningunha maneira debe reducirse ao seu uso nas materias obrigatorias a impartir sinaladas legalmente, senón servir para vehicular todas as mensaxes do centro e tamén as actividades complementarias e extraescolares que se organicen.

Ames, marzo de 2020

Entidades que asinan e apoian este manifesto:

NOVA ESCOLA GALEGA (promotora)

CIG-Ensino CUT-Galiza

CNT-Compostela

STEG

Briga

Erguer Galiza

Mocidade pola Independencia (Lugo) Asociación Socio Pedagóxica Galega (AS-PG)

Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy

Proxecto Educativo Semente

Esculca (Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades)

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg)

Se es un movemento social, entidade, asociación... e queres unirse a esta iniciativa, escríbenos a neg@neg.gal